

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: C.E.I.P. PARADAI  
CURSO: QUINTO DE E. PRIMARIA  
MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA  
DEPARTAMENTO: RELIXIÓN  
DATA: 11 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1. Comprender e respectar as características do pobo que Deus quere contidas no decálogo.	1.1. Clasifica e é consciente do contido do decálogo. 1.2 Describe coas súas palabras experiencias da súa vida relacionadas cos mandamentos
2. Distinguir e memorizar os distintos tipos de libros do Antigo e Novo Testamento	2. Nomea e clasifica os grupos de libros no Antigo e Novo Testamento.
3. Recoñecer en relatos evanxélicos o cambio que xera o encontro con Xesús.	3. Interpreta e aprecia o cambio que orixinou o encontro con Xesús nalgúns dos personaxes que aparecen nos evanxeos.

## 2. Avaliación e cualificación

<b>Avaliación</b>	<p><u>Procedementos:</u>  A avaliación das aprendizaxes desenvolvidas a partir da suspensión das actividades lectivas presenciais será continua e global e acentuará o seu carácter diagnóstico e formativo para valorar os avances realizados e os atrasos que se puidesen producir, con obxecto de planificar as medidas de recuperación que sexan necesarias e programar o vindeiro curso.  En todo caso, a avaliación das actividades realizadas na fase non presencial so poderá ter valor positivo para a cualificación do alumnado.  Quen promocióne sen superar todas as áreas, seguirá un programa de reforzo destinado a recuperar as aprendizaxes non adquiridas e deberá superar a avaliación correspondente a dita programación.  A promoción de curso será a norma xeral en todas as etapas, considerándose a repetición de un curso unha medida moi excepcional.</p> <p><u>Instrumentos:</u>  Xogos interactivos dixitais, actividades dixitais, libros na aula virtual, vídeos, comprensión de textos, xogos tipo puzzles e de colocar palabras...  A avaliación consistirá nos traballos realizados polos alumnos e reenviados á profesora.  O alumnado que traballe e se esforce subirá a nota nesta terceira avaliación. O alumnado que non realice as actividades terá a mesma nota que na segunda avaliación.</p>
<b>Cualificación final</b>	<p><u>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</u>  A avaliación e cualificación adaptarase, tendo en consideración que se realizará sobre <b><i>as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso</i></b>, non podendo ser nunca inferior á da segunda.</p>
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	Non hai.
<b>Alumnado de materia pendente</b>	<p>Criterios de avaliación:  Non hai alumnado con materia pendente</p> <p>Criterios de cualificación:</p> <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p>

### 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<p><b>Actividades</b></p>	<p>Durante o terceiro trimestre desenvolveranse <b>actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores</b> que resulten necesarias para todo ou parte do seu alumnado. Esta ampliación das aprendizaxes tomará como referentes aqueles obxectivos e competencias clave máis necesarios para a adecuada progresión do alumnado e que para a súa asimilación requiran a mínima intervención docente.</p> <p>Na medida do posible, deseñaránse actividades globalizadoras e interdisciplinares, debidamente titorizadas, promovendo o traballo colaborativo entre os equipos docentes das distintas áreas e materias nas etapas, ciclos ou ensinanzas en que sexa posible.</p> <p>Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes e competencias imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporanse actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu itinerario formativo.</p>
<p><b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b></p>	<p><b><u>Alumnado con conectividade:</u></b> Unha vez comunicado ao alumnado como será o procedemento de avaliación, e unha vez comunicado que o traballo do terceiro trimestre, segundo as instrucións da consellería, terá un carácter de repaso, reforzo e ampliación de aprendizaxes moi concretos, a metodoloxía necesariamente será motivadora a través de actividades globais que integren na medida do posible varias competencias básicas .</p> <p><b><u>Alumnado sen conectividade:</u></b> Igual. As actividades propostas se farán chegar a través doutras canles.</p>
<p><b>Materiais e recursos</b></p>	<p>Fichas para o reforzo, de ampliación, exercicios e actividades on-line, actividades interactivas creadas con liveworksheets.</p> <p>As actividades foron subidas a Aula Virtual e enviadas aos titores vía WhatsApp.</p>

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	<u>Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Whassap</li> <li>- Blog da páxina web do centro</li> </ul>
<b>Publicidade</b>	<u>Publicación obrigatoria na páxina web do centro.</u> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Publicación obrigatoria na páxina web do centro no departamento De Relixión Católica.</li> </ul>